

VERSOS E BERROS TAMÉN ENTRE A ÚLTIMA NEVARADA

Neva. Os cumios desta estrada de montaña están completamente brancos. A estrada tamén. Apenas circulan automóbiles; só os máis ousados ou irresponsables talvez subimos ata aquí. Esta inmensidade branca serve por un momento de acubillo á media mañá neste lugar afastado de montaña, como se estiveras por un instante á marxe do mundo. Das présas. A crise. Nada. Mágoa, o perigo é grande e non hai demasiado tempo para deterse a pensar; ao menos se te ves obrigado a baixar co coche. A brancura da neve, case que sen rodeiras e sen pegadas (e este silencio, grande como a extensión desta paisaxe branca) é dunha beleza infinda e, á vez, dunha perigosidade semellante. Ao descender coas cadeas as palabras que me saen son só para maldicir. Maldicirme.

Creo que a visión que ten Lucía Novas da neve e a que teño eu, a

miúdo ao volante, son moi diferentes. As nosas perspectivas son moi contrarias. Pero non quita que lle recoñeza o coidado do verso, o detalle e a delicadeza. Ata o aforro de verbos. A mansedume branca. Para min que lle faltan quizais estremos. O meu, claro; boto en falla que se achegue á miña situación. Ao perigo. Pero só é iso, a miña visión, por defecto. (Porque eu, Lucía, sentín o berro dende estes montes afastados; o berro do que ti falas. É que eu mesmo berrei, teño berrado máis dunha vez nesta soidade afastada e grande; este día de nevarada sen ir máis lonxe. Berrei de beleza e maldicións).

Estou a falar do último poemario de Lucía Novas, de título *Neve*, que mereceu o premio Johán Carballera, e isto non é unha crítica, é unha reflexión. E agradezo o poemario, a túa visión Lucía, de verdade; merqueino en canto o vin na librería

mentres o bo de Pepe (Pepe Couceiro) me puña nas mans outros libros recentes. ¿Sabes por qué? Porque me enriquece; a túa perspectiva enriquece a miña visión, sempre limitada, sempre estreita. Porque o mirar dun ten idade e límites. Por iso.

Eu antes tamén vía o mar doutra maneira. Ata estaba convencido de que me ensinara a mirar e a ver. A escoitar. Estaba convencido. Despois de trece naufraxios, e quince ou dezaseis mortos, o mar para min xa non é o mesmo. É que eu vin cadafalsos dispostos en ringleira na lonxa de pescadores. Cambiou ata a miña maneira de escribir. Agora vexo o mar máis lonxano; creo que en realidade vexo outro mar. Pero sei que o mar é o mesmo. E a neve. A que ti ves e a que eu vexo é a mesma. *O que cambia, ao cabo, é o ollar.*

Miguel Sande



POESÍA

«Neve»

Lucía Novas. Espiral Maior. 14 euros.***

CALIFICACIÓN

*** MUY BUENO

** BUENO

* CORRECTO

● MEJORABLE